

EGAP

Obxectivos do curso

Entre outros:

Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites.

Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa para a realización das Memorias-programa para a petición de ARI's.

Mostrar cómo conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para lograr que se poidan levar a cabo con éxito tanto dende unha perspectiva da protección patrimonial como da solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación.

Destinatarios

Funcionarios e/ou empregados municipais da área de urbanismo e/ou rehabilitación; membros das oficinas de rehabilitación; funcionarios da Administración Autonómica relacionados con temas de urbanismo, vivenda e rehabilitación; arquitectos; xeógrafos; historiadores; historiadores da arte; sociólogos; economistas; aparelladores; profesionais relacionados co urbanismo e a rehabilitación; estudantes universitarios.

Dirección

José Antonio Aldrey Vázquez, Profesor titular de Análise Xeografía Rexional e director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.

Información

DOG nº 241, do martes 20 de decembro de 2011

<http://egap.xunta.es> | 981 546 241 / 881 997 014

Escola Galega de Administración Pública

**CURSO DE REHABILITACIÓN E
REVITALIZACIÓN URBANA EN GALICIA:
DA CONSERVACIÓN DOS CASCOS
HISTÓRICOS ÁS ÁREAS DE
REHABILITACIÓN INTEGRAL NOS
BARRIOS POPULARES**

16 de xaneiro ▣ 13 de febreiro

**EGAP | Rúa de Madrid, 2-4
Santiago de Compostela**

I. Período de desenvolvemento

- Os luns, martes e mércores entre o 16 de xaneiro e o 13 de febreiro de 2011, en horario de 16 a 20 horas.

II. Lugar

- Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Rúa Madrid 2-4 | Santiago de Compostela.

III. Duración

- 50 horas.

IV. Título

- Os alumnos que desexen ter un recoñecemento de 2 créditos de libre configuración pola USC deberán facer un traballo de avaliación equivalente a 10 horas lectivas.

V. Director do curso

- José Antonio Aldrey Vázquez.
Profesor titular de Análise Xeografía Rexional e director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.

VI. Destinatarios

- Funcionarios e/ou empregados municipais da área de urbanismo e/ou rehabilitación; membros das oficinas de rehabilitación; funcionarios da Administración autonómica relacionados con temas de urbanismo, vivenda e rehabilitación; arquitectos; xeógrafos; historiadores; historiadores da arte; sociólogos; economistas; apareladores; profesionais relacionados co urbanismo e a rehabilitación; estudantes universitarios.

VII. Número máximo de participantes

- 40.

VIII. Prezo

- 200€: empregados públicos.
- 400€: outros destinatarios.

IX. Obxectivos

- Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites.
- Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa para a realización das Memorias-programa para a petición de ARI's.
- Mostrar cómo conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para lograr que se poidan levar a cabo con éxito tanto dende unha perspectiva da protección patrimonial como da solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación.
- Coñecer principios básicos dos Sistemas de Información Xeográfica para o seu emprego como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa e na xestión da rehabilitación.
- Transmitir criterios baseados na experiencia para a elaboración de ordenanzas e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
- Coñecer os programas de rehabilitación e renovación existentes no Estado e transmitir coñecementos de cómo se están a dar este tipo intervencións en diferentes países europeos.
- Coñecer exemplos exitosos de intervención e de organismos que xestionan esas intervencións: Consorcio de Santiago, Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR), Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.

X. Materiais e instalacións necesarias para o desenvolvemento do curso

Non serán necesarios materiais, pois serán aulas teórico-prácticas baseadas na intervención dos ponentes mediante presentacións en powerpoint. Os talleres desenvolveranse na aula de informática sen necesidade de licencias de pago de ningún software, pois o taller de SIG farase con software libre. Será necesaria a conexión a Internet para o taller de SIG e para a explicación do SIP do Consorcio de Santiago.



O director do curso, José Antonio Aldrey Vázquez, é docente do máster oficial en renovación urbana e rehabilitación da USC e director dos traballos de oito Memorias-Programa en Galicia, documentos de xustificación da necesidade de Áreas de Rehabilitación integral: tres en Santiago de Compostela: Vista Alegre, Pontepedriña e Almaciga; unha en Sabarís, Baiona; unha na Coruña: Os Mariñeiros, Birloque e Palavea; unha en Moimenta no concello de Boiro; e, dúas en Ourense: Polvorín-Camelias-Carballeira e San Mamede-Cruceiro Quebrado-Inmaculada.

luns 16 de xaneiro

16:00 a 20:00 | A necesidade da recuperación do espazo construído. Medidas para lograr a recuperación demográfica dos cascos históricos e dos sectores urbanos en proceso de degradación social e ambiental. As Áreas de Rehabilitación integral como instrumento para a recuperación social, funcional e física dos espazos construídos.

José Antonio Aldrey Vázquez.

Profesor de Análise Xeográfica Rexional da USC.

martes 17 de xaneiro

16:00 a 18:00 | Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica e as Novas Tecnoloxías para o tratamento da información do territorio.

Manuel Gallego Priego.

Subdirector do SITGA (Xunta de Galicia).

18:00 a 20:00 | Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI's e a xestión da rehabilitación (I).

Xosé Constenla Vega. Xeógrafo.

Especialista en Sistemas de Información Xeográfica.

mércores 18 de xaneiro

16:00 a 18:00 | Repensar a cidade. Estratexias de microintervencións sobre a cidade construída.

Luciano González Alfaya. Arquitecto.

Patricia Muñiz Núñez. Arquitecta.

Estudio Mmasa. Profesores na UDC. Coordinadores do Proxecto A Cidade dos Barrios.

18:00 a 20:00 | Metodoloxía de recollida de información, creación de bases de datos, xeoreferenciación e conclusións na investigación A Cidade dos Barrios de A Coruña.

Camilo Fernández González. Sociólogo. Director de Inzarede.

Gael Sánchez Rivas. Enxeñeiro de Camiños. Máster en Urbanismo pola UDC.

luns 23 de xaneiro

16:00 a 18:00 | A rehabilitación do Barrio da Tinería en Lugo.

José Antonio Redondo López.

Catedrático de Economía Financeira. USC. Director do Máster en Renovación e Rehabilitación Urbana.

18:00 a 20:00 | As intervencións de renovación e rehabilitación na cidade da Coruña. ARI's de Birloque, Mariñeiros e Palavea. A Pescadería.

María José Piñeira Mantiñán.

Profesora de Análise Xeográfica Rexional da USC.

martes 24 de xaneiro

16:00 a 18:00 | Criterios de intervención dende o punto de vista da protección patrimonial nos cascos históricos e no resto do espazo urbano.

Manuel María Chaín Pérez.

Arquitecto. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

18:00 a 20:00 | Rehabilitación y renovación urbana en Santiago de Compostela.

Javier García Castelo.

Arquitecto. Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR).

mércores 25 de xaneiro

16:00 a 18:00 | A xestión dos ARI's da cidade de Santiago (I). Criterios para o acceso ás axudas. Ordenanzas que as regulan.

Fernando García Tobío. Economista. Xefe de Sección da Oficina de Rehabilitación. Concello de Santiago.

Juan Morales Herreros. Arquitecto municipal da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR).

18:00 a 20:00 | Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI's e a xestión da rehabilitación (II).

Xosé Constenla Vega.

Xeógrafo. Especialista en Sistemas de Información Xeográfica.

luns 30 de xaneiro

16:00 a 20:00 | “Pensar a Cidade dende a Creatividade á Innovación Urbana” (I).

César Pichel Rodríguez.

Arquitecto. Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.

martes 31 de xaneiro

16:00 a 18:00 | A xestión dos ARI's da cidade de Santiago (II): o ARI de Vista Alegre. Análise do proceso de implantación do programa.

Óscar Andrés Quintela.

Arquitecto. Coordinador docente do Máster de renovación urbana e rehabilitación da USC.

18:00 a 20:00 | As intervencións de renovación e rehabilitación no espazo público en Santiago de Compostela: un exemplo a seguir.

Javier Fernández Muñoz.

Arquitecto. Xefe de Servizo da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR).

mércores 1 de febreiro

16:00 a 20:00 | “Pensar a Cidade dende a Creatividade á Innovación Urbana” (II).

César Pichel Rodríguez.

Arquitecto. Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.

luns 6 de febreiro

16:00 a 18:00 | Taller: Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (I): A ARI dos Camiños de Santiago.
Xosé Constenla Vega.
Xeógrafo. Consultora IDOM.

18:00 a 20:00 | Taller: Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI's e a xestión da rehabilitación (e III).
Xosé Constenla Vega. Xeógrafo.
Especialista en Sistemas de Información Xeográfica.

martes 7 de febreiro

16:00 a 18:00 | Presentación das iniciativas e programas do Consorcio de Santiago. A Oficina Técnica Taller de Proxectos do Consorcio. Exemplos e casos prácticos.
Ángel Panero Pardo.
Arquitecto. Director da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago.

18:00 a 19:00 | Os programas de rehabilitación de vivendas. Mantemento (Ter é Manter), intervención en elementos catalogados e edificios tutelados.
Lourdes Pérez Castro.
Arquitecta. Directora Técnica da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago. Especialista en Sistemas de Información Xeográfica.

19:00 a 20:00 | “A Pedra que pisas”, iniciativas do Consorcio de Santiago e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para a formación de traballadores, empresas e técnicos na conservación e mantemento dos pavimentos enlousados de Compostela.
Juan Coira López e Francisco Basanta Pardo.
Arquitectos responsables do programa.

mércores 8 de febreiro

16:00 a 18:00 | A enquisa aos residentes nas ARIS. Método fundamental para a obtención de información.
Jorge Vicente Díaz.
Xeógrafo. Investigador da USC. Máster en Renovación e Rehabilitación Urbana.

18:00 a 20:00 | Taller: O Sistema de Información Patrimonial promovido polo Consorcio de Santiago, ferramenta para a xestión dunha cidade Patrimonio da Humanidade. Presentación práctica do S.I.P. (en aula de informática e con conexión wi-fi).
Ramón Fernández Hermida. Arquitecto coordinador de proxectos e obras da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago.
Adrián Martín Prieto. Arquitecto. Colaborador da Oficina Técnica e ex-membro do Taller de proxectos do Consorcio de Santiago.

luns 13 de febreiro

16:00 a 18:00 | Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (II). Os casos de Sabarís en Baiona e Moimenta en Boiro.

José Antonio Aldrey Vázquez.

Profesor de Análise Xeográfica Rexional da USC.

18:00 a 19:00 | Conclusións, proba de avaliación e clausura do curso.

José Antonio Aldrey Vázquez.

Profesor de Análise Xeográfica Rexional da USC.